

---

**INFORME DE PERSPECTIVAS E NECESIDADES  
DO SECTOR TURÍSTICO ANTE A CRISE DO  
COVID-19**

---

**PROTURGA  
PROFESIONAIS DO TURISMO DE GALICIA**



**Contido:** INFORME DE PERSPECTIVAS E NECESIDADES DO SECTOR TURÍSTICO ANTE A CRISE DO COVID - 19

**Realizado por:** PROTURGA, Asociación de Profesionais do Turismo de Galicia

**Equipo executor:**

- Fátima Cachafeiro (Coordinación, análise e redacción) – Directiva de PROTURGA
- Sandra Pérez (Coordinación, análise e redacción) - Directiva de PROTURGA
- Yaniri Pérez (Análise e redacción) - Directiva de PROTURGA
- Miguel Martínez (Análise e redacción) - Directiva de PROTURGA
- Minia Del Río (Análise e redacción) - Directiva de PROTURGA
- Diego Carreira (Análise e redacción) – Socio de PROTURGA
- Cristina Collazo (Análise e redacción) – Socia de PROTURGA

**Agradecementos a:**

- Socios e socias de PROTURGA
- Sector turístico que participou nas enquisas
- Medios de comunicación que colaboraron na difusión

**Datas recollida de información e enquisas:** 01/04/2020 - 06/04/2020

**Data Informe:** 09/04/2020

**Aviso Legal:**

Tódolos dereitos reservados. Permítese a reprodución total ou parcial deste informe, con fins non comerciais, sempre que se respecte a integridade dos mesmos e se cite expresamente a fonte: “PROTURGA, Asociación de Profesionais de Turismo de Galicia”.

## ÍNDICE

<b>A. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>5</b>
<b>B. OBJECTO .....</b>	<b>6</b>
<b>C. METODOLOXÍA .....</b>	<b>6</b>
<b>D. PARTICIPANTES.....</b>	<b>8</b>
<b>E. SITUACIÓN E NECESIDADES DO SECTOR TURÍSTICO .....</b>	<b>10</b>
<b>1. CONSULTORÍA TURÍSTICA.....</b>	<b>10</b>
1.1. <i>Situación Actual Dos Empresarios E Autónomos .....</i>	<i>10</i>
1.2. <i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades Ata Que Rematen As Limitacións De Movilidade Para As Persoas E A Actividade Empresarial .....</i>	<i>11</i>
1.3. <i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades Dende Que Rematen As Limitacións Ata Final De Ano .....</i>	<i>11</i>
1.4. <i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades En 2021 .....</i>	<i>12</i>
1.5. <i>Ideas / Propostas.....</i>	<i>12</i>
1.6. <i>Actividades Que Está Levando A Cabo Durante A Crise .....</i>	<i>13</i>
<b>2. ALOXAMENTOS .....</b>	<b>14</b>
2.1. <i>Situación Actual Dos Empresarios E Autónomos .....</i>	<i>14</i>
2.2. <i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades Ata Que Rematen As Limitacións De Movilidade Para As Persoas E A Actividade Empresarial .....</i>	<i>14</i>
2.3. <i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades Dende Que Rematen As Limitacións Ata Final De Ano .....</i>	<i>15</i>
2.4. <i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades En 2021 .....</i>	<i>15</i>
2.5. <i>Ideas / Propostas.....</i>	<i>16</i>
<b>3. RESTAURACIÓN .....</b>	<b>18</b>
3.1. <i>Situación Actual Dos Empresarios E Autónomos .....</i>	<i>18</i>
3.2. <i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades Ata Que Rematen As Limitacións De Movilidade Para As Persoas E A Actividade Empresarial .....</i>	<i>18</i>
3.3. <i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades Dende Que Rematen As Limitacións Ata Final De Ano .....</i>	<i>18</i>
3.4. <i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades En 2021 .....</i>	<i>19</i>
3.5. <i>Ideas / Propostas.....</i>	<i>19</i>
3.6. <i>Actividades Que Está Levando A Cabo Durante A Crise .....</i>	<i>20</i>
<b>4. GUÍAS DE TURISMO .....</b>	<b>21</b>
4.1. <i>Situación Actual Dos Empresarios E Autónomos .....</i>	<i>21</i>
4.2. <i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades Ata Que Rematen As Limitacións De Movilidade Para As Persoas E A Actividade Empresarial .....</i>	<i>21</i>
4.3. <i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades Dende Que Rematen As Limitacións Ata Final De Ano .....</i>	<i>22</i>
4.4. <i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades En 2021 .....</i>	<i>23</i>
4.5. <i>Ideas / Propostas.....</i>	<i>23</i>
4.6. <i>Actividades Que Está Levando A Cabo Durante A Crise .....</i>	<i>24</i>
<b>5. TURISMO ACTIVO .....</b>	<b>25</b>
5.1. <i>Situación Actual Dos Empresarios E Autónomos .....</i>	<i>25</i>
5.2. <i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades Ata Que Rematen As Limitacións De Movilidade Para As Persoas E A Actividade Empresarial .....</i>	<i>25</i>
5.3. <i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades Dende Que Rematen As Limitacións Ata Final De Ano .....</i>	<i>25</i>
5.4. <i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades En 2021 .....</i>	<i>26</i>

5.5.	<i>Ideas / Propostas</i> .....	<b>26</b>
5.6.	<i>Actividades Que Está Levando A Cabo Durante A Crise</i> .....	<b>27</b>
<b>6.</b>	<b>INTERMEDIARIOS/AAVV</b> .....	<b>28</b>
6.1.	<i>Situación Actual Dos Empresarios E Autónomos</i> .....	28
6.2.	<i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades Ata Que Rematen As Limitacións De Mobilidade Para As Persoas E A Actividade Empresarial</i> .....	29
6.3.	<i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades Dende Que Rematen As Limitacións Ata Final De Ano</i> .....	30
6.4.	<i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades En 2021</i> .....	31
6.5.	<i>Ideas / Propostas</i> .....	32
6.6.	<i>Actividades Que Está Levando A Cabo Durante A Crise</i> .....	34
<b>7.</b>	<b>OUTROS SUBSECTORES / OUTRA OFERTA COMPLEMENTARIA</b> .....	<b>36</b>
7.1.	<i>Situación Actual Dos Empresarios E Autónomos</i> .....	36
7.2.	<i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades Ata Que Rematen As Limitacións De Mobilidade Para As Persoas E A Actividade Empresarial</i> .....	36
7.3.	<i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades Dende Que Rematen As Limitacións Ata Final De Ano</i> .....	37
7.4.	<i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades En 2021</i> .....	37
7.5.	<i>Ideas / Propostas</i> .....	38
7.6.	<i>Actividades Que Está Levando A Cabo Durante A Crise</i> .....	38
<b>8.</b>	<b>PROFESIONAIS POR CONTA ALLEA E DESEMPREGADOS</b> .....	<b>39</b>
8.1.	<i>Situación Actual</i> .....	39
8.2.	<i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades Ata Que Rematen As Limitacións De Mobilidade Para As Persoas E A Actividade Empresarial</i> .....	39
8.3.	<i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades Dende Que Rematen As Limitacións Ata Final De Ano</i> .....	40
8.4.	<i>Perspectivas, Inquedanzas E Necesidades En 2021</i> .....	40
8.5.	<i>Ideas / Propostas</i> .....	41
8.6.	<i>Actividades Que Está Levando A Cabo Durante A Crise</i> .....	41
<b>F.</b>	<b>CONCLUSIÓNS</b> .....	<b>42</b>

## A. INTRODUCCIÓN

**PROTURGA é unha asociación sen ánimo de lucro, cuxo obxectivo é a defensa dos intereses dos profesionais do turismo** a través de liñas estratéxicas que xiran en torno á sensibilización da Administración e empresas sobre a importancia destes expertos do sector, a profesionalización e posta en valor do coñecemento e a promoción de Galicia a través dos recursos humanos, como pilar fundamental e diferenciador.

A Asociación PROTURGA, Profesionais do Turismo de Galicia, emprende diferentes **medidas para a defensa e apoio do sector turístico de Galicia ante a crise do Covid-19**, conscientes da gran magnitude que esta situación supón para o turismo. A situación provocada pola pandemia do coronavirus afectou a toda a cadea do sector e, por iso, Proturga **activa un mecanismo de opinión de tódolos axentes, aglutinando tanto a empresas de todos os subsectores coma a profesionais en activo, persoas en situación de ERTE e desempregados**. Para a recollida desta información elaborouse unha enquisa online e distribuíuse entre a totalidade do sector galego, para posteriormente realizar o tratamento deses datos, que están reflexados no presente informe.

Dende PROTURGA **apelouse á unión de todos os subsectores para levar a cabo este proxecto baixo un único paraugas: O TURISMO**.



## B. OBXECTO

O obxectivo principal deste informe é o seguinte:

Recollida das percepcións, primeiras consecuencias e necesidades do sector turístico atendendo ás particularidades de cada subsector para obter unha ferramenta que contribúa á loita do turismo contra a Crise do Covid – 19.

## C. METODOLOXÍA

Recollemos as peticións de cada subsector do turismo a través dunha enquisa online que distribuímos a través de correo electrónico, páxina web [www.proturga.org](http://www.proturga.org), redes sociais, prensa e a través do Clúster de Turismo de Galicia.

A través de dita enquisa recollemos o seguinte:

- Situación actual dos empresarios, autónomos e profesionais
- Perspectivas, inquedanzas e necesidades ata que rematen as restricións de mobilidade.
- Perspectivas, inquedanzas e necesidades dende que rematen as limitacións ata final do ano 2020.
- Perspectivas, inquedanzas e necesidades para o ano 2021.
- Ideas / propostas
- Actividades e iniciativas que se atopa realizando o sector turístico nesta época, mentres non se repoña a mobilidade.

Para a recollida e tratamento desta información, realizouse unha división do sector da seguinte maneira:

- ) Empresas / autónomos de Consultoría Turística
- ) Empresas / autónomos Guías de Turismo
- ) Empresas / autónomos de Aloxamentos
- ) Empresas / autónomos de Axencias de viaxes
- ) Empresas / autónomos de Turismo Activo

- ) Empresas / autónomos de Restauración
- ) Empresas / autónomos de Outros subsectores (outra oferta complementaria)
- ) Profesionais por conta allea e desempregados

Deste xeito garantímonos a recollida das necesidades de todo o sector turístico, tanto empresas coma empregados por conta allea, persoas en situación de ERTE e desempregados; coas particularidades propias de cada subsector e cada profesional.

## D. PARTICIPANTES

Nesta enquisa participaron persoas tanto físicas coma xurídicas, empresarios / autónomos e traballadores por conta allea; tanto activos coma en situación de ERTE ou desempregados.

Como resultado obtivemos **175 enquisas**, destacando unha grande participación de empresas e autónomos dos diferentes subsectores turísticos, superando o 80% do total recibido, tal como se reflexa no seguinte gráfico.




Por subsectores turísticos, a maioría da participación corresponde a aloxamentos (23,43% do total das enquisas), seguidos polos guías de turismo (18,29%) e as empresas de intermediación (14,86%). Continúan restauración, turismo activo, consultoría turística e por último, outras actividades complementarias.

Na tipoloxía de participantes destacamos a variedade, incluso dentro dos diferentes subsectores, indicador que corrobora os diferentes matices que compón o sector turístico. Estas particularidades constitúen unha fortaleza de posicionamento do sector turístico de Galicia pero tamén teñen unhas necesidades concretas e diferentes. Neste senso, destacamos os aloxamentos como establecementos nos que obtivemos case tanta variedade coma tipoloxías existentes; deste xeito contamos coas percepcións de hoteis, pensións, turismo rural, cámpings e apartamentos. No caso das axencias de viaxe, transmitíronnos as súas inquiredanzas tanto as emisoras coma de receptivo.



No caso dos profesionais por conta allea, a maior parte dos que cubriron a enquisa están en situación de desemprego, supoñendo o 10,29% do total da participación, fronte ao 4,29% dos empregados activos e o 1,71% dos profesionais en situación de ERTE.



Destacamos a participación obtida tendo en conta que a enquisa realizouse nun período moi curto de tempo: 6 días naturais.

## E. SITUACIÓN E NECESIDADES DO SECTOR TURÍSTICO

A continuación expoñemos o resultado das enquisas realizadas por subsectores, para a continuación expoñer as conclusións xerais. Deste xeito pasamos das características particulares e concretas de cada tipoloxía para, a continuación, obter as conclusións xerais de todo o sector.

### 1. CONSULTORÍA TURÍSTICA

#### 1.1. SITUACIÓN ACTUAL DOS EMPRESARIOS E AUTÓNOMOS

A pesar de que a consultoría turística é unha actividade que non está obrigada ao cese polo Estado de Alarma, debido á posibilidade do teletraballo, os proxectos que executan estas empresas están PARALIZADOS. Si é certo que tódolos enquisados se atopan realizando traballo dende os seus fogares pero unha parte moi importante de cada proxecto está detida, polo que os avances están moi lonxe de transcórrese a unha velocidade lóxica dun estado normal.

Con relación ás consecuencias, esta paralización tradúcese en dúas vertentes:

1. Os proxectos parálanse pero os gastos continúan; tanto os gastos fixos coma os variables relativos aos propios proxectos. No caso dos traballos para a Administración, os concursos públicos esixen avais ou outras garantías económicas, que seguen xerando gastos a pesar de que os proxectos se atopan paralizados. Asemade, o detemento dos proxectos provocará que as datas de finalización previstas se alonguen no tempo, polo que os gastos tamén se alongarán e os cobros produciranse máis tarde.
2. A cancelación de toda labor comercial presencial durante o Estado de Alarma, o que impide a xeración de novos proxectos.

Asemade, as empresas con traballadores sufriron un ERTE.

### **1.2.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES ATA QUE REMATEN AS LIMITACIÓNS DE MOVILIDADE PARA AS PERSOAS E A ACTIVIDADE EMPRESARIAL**

Dende o subsector da consultoría turística solicítase, igual que noutros subsectores a supresión da cota de autónomos durante a tempada de limitacións e axudas para paliar as consecuencias dos gastos.

Asemade, solicítanse cuestións moi específicas das características deste sector, como son as seguintes:

- Apoio á consultoría de turismo de Galicia (consultoría especializada) porque teñen a capacidade de axudar a realizar plans de continxencia e na potenciación dos destinos para crear unha oferta forte cando rematen as limitacións de mobilidade.
- Recoñecemento a este subsector como turístico e que, polo tanto sofre as consecuencias da paralización do resto de subsectores para a realización de traballo privado.
- Información por parte das administracións da planificación futura do turismo.
- Activación, na medida do posible, das convocatorias públicas que se atopan detidas.

### **1.3.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES DENDE QUE REMATEN AS LIMITACIÓNS ATA FINAL DE ANO**

Respecto ás perspectivas e necesidades dende o remate do Estado de Alarma ata o final do ano 2020 o subsector da consultoría considérase un pilar fundamental na transición do turismo ao novo escenario que se presentará unha vez superado o Estado de Alarma e na reactivación do turismo. Este subsector demanda o seguinte:

- Que a Administración facilite o acceso ao crédito e axilice os pagos pendentes.
- Mantemento dos proxectos en marcha e en proceso de resolución por parte dos distintos organismos como son Xunta de Galicia, deputacións, concellos, xeodestinos, GDR, GALP; todos eles esenciais para as empresas de consultoría e que supón unha boa parte da súa facturación.
- Novos proxectos e políticas públicas de planificación, xestión, profesionalización e mellora da calidade.
- Valorización da consultoría especializada en turismo e consciencia do papel tan importante que pode desempeñar na reactivación turística, a través de diferentes ferramentas de planificación e medidas de continxencia así coma no deseño de estratexias e políticas coordinadas. As empresas de consultoría considéranse claves

para evitar que se desate unha especie de “sálvese quen poida”, que podería ser letal para o sector turístico.

- Apoio económico para a implementación de ferramentas de innovación e novas metodoloxías nas empresas de consultoría.

#### **1.4. PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES EN 2021**

Con respecto ao ano 2021, existe unha gran incerteza para o subsector da consultoría. Esta crise sanitaria supuxo un xiro inesperado na planificación empresarial a curto, medio e longo prazo de cada firma de consultoría galega. O futuro percíbese incerto, aínda así hai quen é capaz de obter algunhas perspectivas e necesidades, con son as seguintes:

- Confianza na consultoría galega coma peza fundamental do turismo para a reactivación turística.
- Inversión en proxectos turísticos de alto valor engadido.

#### **1.5. IDEAS / PROPOSTAS**

As propostas da consultoría galega pasan polas seguintes apostas:

- ) Valorización da consultoría especializada en turismo e consciencia do papel tan importante que pode desempeñar na reactivación turística, a través de diferentes ferramentas de planificación e medidas de continxencia así coma no deseño de estratexias e políticas coordinadas. As empresas de consultoría considéranse claves para evitar que se desate unha especie de “sálvese quen poida”, que podería ser letal para o sector turístico.
- ) Plan de reactivación para despois da crise apostando por produtos e destinos.
- ) Campañas de concienciación rexional de apostar por viaxar dentro da comunidade, revalorizar o turismo rural e sostible agora que se van tentar evitar as grandes concentracións. Traballar por desenvolver alternativas ao modelo de sol e praia.
- ) Transferencia de coñecemento entre axentes (TODOS), a UNIÓN, colaboración e cooperación, seguindo unhas directrices que permitan unha excelente PLANIFICACIÓN de destinos para que cada un dos axentes da cadea de valor do turismo poida desenvolver as súa función. Estas directrices deberían vir dadas dende OMT e de aí vir

cara abaixo (España, Galicia, entes supramunicipais, municipios...). Os niveis máis baixos de administración (local) deberían facerse con persoal capaz de identificar oportunidades turísticas para o seu destino (facendo partícipes a tódolos axentes).

- ) Manter programas públicos de desenvolvemento turístico que se atopan en marcha e impulso de outros a maiores.
- ) Poñer en marcha unha gran campaña coordinada co resto das Comunidades Autónomas, o Goberno Central e Portugal para incentivar as viaxes dentro da Península Ibérica e poñer en valor os elementos diferenciadores de cada destino. Promocionar conxuntamente a Península Ibérica como destino turístico, de cara a 2021, co fin de reactivar a chegada de turismo estranxeiro.
- ) Impulsar a figura dos xeodestinos, como entes xestores e dinamizadores da actividade turística, especialmente no ámbito rural. Este modelo de xestión permite alcanzar unha maior masa crítica e unha mellor economía de escala, xerando una oferta turística máis coordinada e competitiva.

#### **1.6. ACTIVIDADES QUE ESTÁ LEVANDO A CABO DURANTE A CRISE**

O subsector da consultoría turística mantense activo nesta tempada de restrición da mobilidade realizando actividades como son as seguintes:

- Teletraballo, adiantando na medida do posible tarefas dos proxectos.
- Teleformación e formación de empregados.
- Reunións virtuais con clientes, provedores e colaboradores.
- Análise interno e estudo da implantación de melloras nas empresas.
- Colaboración asociativa.

## 2. ALOXAMENTOS

### 2.1. SITUACIÓN ACTUAL DOS EMPRESARIOS E AUTÓNOMOS

O anuncio da situación de Estado de Alarma dende o 14 de marzo e conseguinte peche progresivo dos aloxamentos por orde estatal, forzou un panorama desolador en todo o conxunto da actividade hoteleira.

De todas as respostas obtidas na enquisa, todos os representantes dos aloxamentos de Turismo teñen pechadas as súas portas e viven coa desesperanza de non saber cando poderán recuperar a súa actividade.

Con relación ás consecuencias, este peche absoluto de aloxamentos tradúcese en:

- ) Caída abrupta das reservas, non só a curto se non a medio e longo prazo tamén e, por tanto, dos ingresos.
- ) Incapacidade de asumir os custes nos que incorren as empresas ao non xerar ingresos, aumentando o nivel de endebedamento.
- ) Cancelación dos contratos temporais previstos para a tempada alta que comezaría nas semanas previas á Semana Santa e alto volume de empresas que sufriron un ERTE.
- ) Amplo descontento polo descoñecemento de como chega a información das administracións, a quen recorrer e como realizar todos os trámites, en especial, por parte de autónomos e PEMES.

### 2.2. PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES ATA QUE REMATEN AS LIMITACIÓNS DE MOVILIDADE PARA AS PERSOAS E A ACTIVIDADE EMPRESARIAL

Dende o subsector dos aloxamentos turísticos solicítase, igual que noutros subsectores a supresión da cota de autónomos durante a tempada de limitacións e abrir unha liña de axudas para paliar as consecuencias dos gastos.

Asemade, solicítanse cuestións moi específicas tales como:

- Paralización de alugueres e hipotecas e reformulación ou exención do IBI
- Cotas mínimas nos servizos de luz, auga, recollida de lixo, etc. ...
- Apoio aos hoteleiros de todos os niveis na loita fronte ás empresas comisionistas e impedimento de cancelación de reservas non reembolsables fora do Estado de Alarma.
- Creación de campañas publicitarias que representen ao sector e a seguridade nel.

### **2.3.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES DENDE QUE REMATEN AS LIMITACIÓNS ATA FINAL DE ANO**

Respecto ás perspectivas e necesidades dende o remate do Estado de Alarma ata o final do ano 2020, os hoteleiros expresan unha verdadeira preocupación sobre como chegar a asumir a cantidade de gastos nos que poden incurrir as empresas con nula ou baixa ocupación durante os próximos meses. Unha caída no nivel de pernoctacións supón unha ruptura dos orzamentos elaborados e unha baixada do ADR medio e da ocupación e, por conseguinte, dos ingresos esperados.

Cabe recordar a estacionalidade deste subsector e a falta de iniciativas que nos últimos tempos están a xerarse respecto a este aspecto; o denominador da estacionalidade conleva que sexan moitos aloxamentos os que manteñen a súa actividade na tempada baixa grazas aos ingresos obtidos nos meses onde se xera máis ocupación e o prezo medio é máis elevado, cousa que sucede habitualmente dende a data de comezo da Semana Santa ata finais de outubro, en liñas xerais.

Son moitos os aloxamentos que entre as súas inquedanzas elevan o medo a non poder subsistir á próxima tempada baixa por non xerar agora mesmo os ingresos precisos para facelo. Isto produciría nalgúns casos o peche de negocios e fin da actividade de moitos autónomos co conseguinte despido de traballadoras e traballadores.

Nun panorama a curto prazo incerto e de desánimo, as necesidades que elevan os hoteleiros son:

- Liñas de axudas para: facer fronte aos pagamentos de provedores; apostar pola automatización dos servizos e as novas tecnolóxicas que se desexen pór en marcha nos aloxamentos; pagamento dos gastos xerados e que coa falta de ingresos non poderán ser asumidos...
- Asegurar as reservas existentes e apoiar aos aloxamentos na comunicación fronte ás axencias e OTAs nacionais e estranxeiras da importancia de manter os cargos feitos nas reservas non reembolsables fóra do Estado de Alarma.
- Dar de baixa de xeito inmediato as vivendas e pisos turísticos ilegais que son competencia desleal directa e daniña para o sector.

### **2.4.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES EN 2021**

A crise producida polo COVID-19 supuxo un xiro inesperado na planificación empresarial a curto, medio e longo prazo e afecta sen escrúpulos aos presupostos e perspectivas postas no próximo ano, que ata o de agora eran extremadamente alentadoras. O futuro percíbese

incerto e os empresarios elevan o seu temor nesta enquisa realizada a enfrontarse a ese futuro, aínda que unha maioría tenta seguir mantendo un foco de esperanza na recuperación rápida na comunidade galega e no seu tecido empresarial.

Entre as necesidades elevadas polo sector hoteleiro, atópanse:

- Liña de subvencións para a mellora dos aloxamentos de cara ao Ano Xacobeo, facendo sinxelo o acceso a ditas subvencións por parte das PEMES e empresas con menores recursos para a súa posta en marcha ou re-acondicionamento, en especial.
- Promoción da Q de Calidade como distintivo de excelencia e, asemade, subvencionar a cota da mesma e rebaixar os importes das auditorías que axude a crear unha rede de aloxamentos con distintivo de calidade actualizada e veraz.
- Realizar eventos relevantes que atraian a diversos puntos de Galicia a turistas e visitantes.
- Diversificar o produto máis alá do Camiño e do Xacobeo. Volver a realizar campañas de desestacionalización tanto en tempo coma en destinos para poder abarcar máis nichos de mercado.
- Crear paquetes turísticos que inclúan aos aloxamentos galegos máis alá das grandes compañías con sede fora da nosa comunidade.
- Crear unha plataforma para a denuncia e estudio de aloxamentos ilegais e que estas denuncias provoquen un peche inmediato de todos aqueles aloxamentos sen licencia ata cumprir cos requisitos legais esixidos.
- Consolidación dunha normativa común entre as Administracións e CCAA para unha xestión eficiente dos aloxamentos que unifique na medida do posible as necesidades e requirimentos legais. Maior coordinación entre as Administracións en todos os seus niveis para aliviar cantos trámites se precisen no sector.
- Promoción a nivel nacional: aposta polo turismo doméstico durante todo o ano.
- Crear unha canle de reservas propia dos aloxamentos galegos que evite as comisións das OTA tendo en conta os criterios e necesidades de todos os establecementos.

## 2.5. IDEAS / PROPOSTAS

- ) Apostar por campañas de publicidade do Ano Santo e da Marca Galicia (cultura, lugares, actividades...) en xeral, dende este momento
- ) Potenciar actividades lúdicas coma exposicións e concertos de repercusión mediática
- ) Promoción dos destinos estudiada, correcta e eficaz tendo en conta aos entes locais e non só ás grandes empresas
- ) Campañas de formación gratuítas e útiles
- ) Consolidación de novas feiras especializadas no sector



- ) Bolsa de axudas para a promoción particular dos establecementos hoteleiros e para as inversións en novas tecnoloxías
- ) Axudas á contratación
- ) Incentivar a baixada de prezos nos aeroportos galegos para mellorar a conexión da Comunidade Autónoma e aumentar o índice de chegadas e pernoitas.
- ) Creación dunha comisión inter-provincial de aloxamentos sen ánimo de lucro para velar polos seus dereitos e facer fronte ás cláusulas abusivas de OTAS coma Booking.
- ) Desenvolvemento dunha aplicación que non dependa da iniciativa privada e funcione como metabuscador ou motor de reservas para todos os aloxamentos galegos que non queiran depender de grandes grupos estranxeiros (Booking, Expedia...)
- ) Perseguir a competencia desleal e as irregularidades do sector para evitar máis danos que os colaterais traídos pola crise do COVID19.

## 3. RESTAURACIÓN

### 3.1.SITUACIÓN ACTUAL DOS EMPRESARIOS E AUTÓNOMOS

O subsector da restauración é posiblemente unha das partes máis afectadas neste momento. Algúns están ofertando a comida a domicilio ou co recollida no local, ben porque xa o viñan ofrecendo ou como adaptacións ás novas circunstancias. Pero moitos outros están totalmente pechados.

Resumimos por tanto, esta paralización en dúas vertentes:

- ) Peche total, tal e como confirman o cen por cento dos enquisados
- ) Peche ao público con opción de comida a domicilio ou recollida no local. Asemade, as empresas con traballadores sufriron un ERTE e en tódolos casos están pagando o cen por cento dos custos de persoal (salarios, cotas autónomos), locais, subministracións (luz e auga...)

### 3.2.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES ATA QUE REMATEN AS LIMITACIÓNS DE MOVILIDADE PARA AS PERSOAS E A ACTIVIDADE EMPRESARIAL

Dende o subsector da restauración solicítase, igual que noutros subsectores a supresión da cota de autónomos (non moratoria) durante a tempada de limitacións e axudas para paliar as consecuencias dos gastos. Tamén cursos de formación online de obrigado cumprimento para os traballadores en situación de ERTE.

### 3.3.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES DENDE QUE REMATEN AS LIMITACIÓNS ATA FINAL DE ANO

Respecto ás perspectivas e necesidades dende o remate do Estado de Alarma ata o final do ano 2020 este subsector presenta as seguintes inquedanzas e demanda o seguinte:

- ) Preocupacións
  - Poder manter todo o persoal contratado
  - Contar coa seguridade laboral que se ha de requirir

) Peticións:

- Poder incorporar progresivamente aos traballadores contratados
- Compartir custos de persoal coa administración
- Que a administración responsable facilite información sobre as condicións esixidas de apertura para poder planificarse
- Crear protocolos sobre a seguridade
- Facilitar por parte da administración axudas directas para a organización de eventos nas rúas co fin de dinamizalas e animar á xente a saír das casas e a consumir nos locais de hostalería

### 3.4.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES EN 2021

Con respecto ao ano 2021, existe unha gran incerteza, tal e como demostran os outros subsectores. As inquedanzas e as necesidades son as mesmas cas do apartado anterior, e aparece de maneira reiterada o seguinte: que as axudas para a dinamización “se adxudiquen sen necesidade de conformar unha asociación, simplemente por medio de compromiso e reunión ou agrupación de distintos establecementos”.

### 3.5.IDEAS / PROPOSTAS

As propostas da restauración galega pasan polas seguintes apostas:

- ) Campañas de promoción dirixidas ao turismo nacional
- ) Abono por parte da administración das cancelacións que tiveron
- ) Dignificación da figura do autónomo
- ) Créditos a interese cero
- ) Re - estruturación dos horarios
- ) Apertura graduada dos establecementos seguindo o criterio dos aforos: os establecementos afirman que é preciso establecer diferenzas: "Non é o mesmo un restaurante de 200 metros cadrados ca un bar o un mesón de 50"
- ) Dinamizar o sector a través as sinerxías creadas cos outros subsectores do turismo e coas redes culturais da comunidade para a realización de promocións organización de actividades, I+D+i.
- ) Creación de paquetes tipo o “outono gastronómico” de turismo rural adaptados á restauración.
- ) Reducir o IVE ou o IBI dos inmobles afectos á explotación.

### 3.6. ACTIVIDADES QUE ESTÁ LEVANDO A CABO DURANTE A CRISE

- ) Mantemento de redes sociais
- ) Teleformación
- ) Teletraballo

## 4. GUÍAS DE TURISMO

### 4.1. SITUACIÓN ACTUAL DOS EMPRESARIOS E AUTÓNOMOS

Tras momentos de incerteza, finalmente os guías de turismo están contemplados no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por prestar os servicios en museos, monumentos e tránsito pola vía pública. Aínda así, existen algúns casos de problemas coas mutuas no caso de cese de actividade debido aos epígrafes. Ao ser un dos sectores máis afectados por esta crise existe moita incerteza de canto durará a recuperación total dos servicios de visitas guiadas e como se vai sobrevivir economicamente mentres dure esta situación.

Con relación ás consecuencias inmediatas desta paralización tradúcese en tres vertentes:

- Cancelacións de todos os servicios de guías para os meses de marzo, abril e maio e parte de xuño e tamén cancelacións nos seguintes meses ata finais de ano.
- A paralización da actividade supón, polo tanto, a paralización dos ingresos coas dificultades que iso conleva: dificultade de pago dos impostos/cotas de autónomos unidos aos gastos diarios sen ningún ingreso.
- Desemprego: moitos dos guías non tiveron aínda a oportunidade de darse da alta como autónomos, os que están dados de alta valoran darse de baixa de non obter axudas, e existe cese de contratos por parte de axencias de viaxes e empresas con guías.

### 4.2. PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES ATA QUE REMATEN AS LIMITACIÓNS DE MOVILIDADE PARA AS PERSOAS E A ACTIVIDADE EMPRESARIAL

Dende o subsector dos guías de turismo de Galicia solicítase, igual que noutros subsectores, a supresión da cota de autónomos durante a tempada de limitacións e axudas para paliar as consecuencias dos gastos.

Asemade, solicítanse cuestións moi específicas das características deste sector, como son as seguintes:

- Como outros subsectores esta profesión é moi estacional, polo que existe unha gran preocupación xa que os ingresos do ano centralízanse nos meses de temporada alta e xa están perdidos marzo, abril e maio e eses ingresos perdidos non se van a recuperar.
- Actualmente existe moita inquedanza de cando van a volverse a contratar os servicios de guías e as limitacións que existen a nivel internacional da mobilidade de xente e ademais o medo que poda ter a xente a viaxar e non ser contaxiados.
- Necesítase que a administración transmita positivismo e que se promocióne o cambio de data nas viaxes e non a cancelación de servicios.

- A nivel laboral, necesítase non só axudas para os guías dados de alta como autónomos, senón tamén para aqueles que aínda non tiveron oportunidade de darse da alta e prestacións por desemprego para os guías que o soliciten. Tamén nos transmiten que se teñan en conta os guías que estaban preparados para traballar co IMSERSO para recibir axudas ou contemplalas dentro dos ERTE.

#### **4.3.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES DENDE QUE REMATEN AS LIMITACIÓNS ATA FINAL DE ANO**

Respecto ás perspectivas e necesidades dende o remate do Estado de Alarma ata o final do ano 2020 o subsector dos guías de turismo ten unha visión negativa sobre como se vai recuperar a profesión e canto vai tardar, pero en xeral dan por perdido o resto do ano polo gran número de cancelacións existentes actualmente que abarcan ata o mes de outubro. Non se cree que se poda subsistir só con o mercado nacional e dan por perdido o mercado internacional. Moitos planéanse incluso darse de baixa como autónomos ou incluso buscar traballo noutro sector.

Este subsector demanda o seguinte:

- Dende o punto de vista económico: axudas ou compensacións para os autónomos ata que a actividade real do sector acade unha certa normalidade. Incentivos para aqueles guías que van a retrasar a alta como autónomos a espera de que se establezca a situación. Prestación por desemprego para aqueles que non teñan oportunidade de darse de alta.
- No caso de pago de impostos e cotas a partir da alta do estado de alarma necesítase que exista unha marxe suficiente para o pago dos mesmos.
- Que as axudas económicas existan para todo o tecido empresarial, non só para grandes empresas, senón para autónomos e PeMEs. Pídese transmitir confianza e pedir a unión entre os subsectores.
- Necesítase información clara e concreta das medidas que teñen que tomar os guías de turismo no trato cos turistas dende o punto de vista sanitario cando se retome a actividade.
- Hai preocupación polo posible crecemento, aínda máis, do intrusismo na profesión, problema que xa existe dende hai tempo, polo que se propón incrementar a inspección turística para os meses que veñen.
- Ir facendo una promoción forte dirixida primeiro ao turismo nacional logo dirixido ao turismo internacional. Sería interesante que as administracións promocionaran o turismo interno entre os galegos.
- Existe unha inquedanza se se vai poder vivir soamente do turismo nacional nos próximos meses.

#### 4.4. PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES EN 2021

Con respecto ao ano 2021, existe unha gran incerteza para este subsector, crese que esta crise supón un antes e un despois e que se irá recuperando moi pouco a pouco, espérase que se retomen os programas do xacobeo 2021 e tense fe en que sexa un incentivo para a recuperación.

O futuro percíbese incerto, aínda así hai quen é capaz de obter algunhas perspectivas e necesidades, con son as seguintes:

- Prepararnos ben para o próximo ano Xacobeo dende o punto de vista hixiénico e sanitario e que existan plans de prevención para o futuro no caso de que sucedese algo similar.
- Espérase unha forte promoción do destino galego a nivel nacional e internacional, que inclúa a todas as empresas do sector e se busque destacar as singularidades que ten Galicia como turismo non masificado. Crear confianza no destino.
- Que se siga coas axudas económica para os guías, incluído a adaptación da cota de autónomo en función dos ingresos.
- Que se realicen xornadas de profesionais e formación, e que se creen canles de comunicación entre os guías e o resto dos sectores.
- Loitar aínda máis contra o intrusismo na profesión.
- Apoiarse nas novas tecnoloxías

#### 4.5. IDEAS / PROPOSTAS

As propostas dos guías de turismo de Galicia pasan polas seguintes apostas:

- Condonación da cota de Autónomos
- Axudas e incentivos económicos durante todo o que resta do ano e no 2021 (pago de seguros, impostos, etc.)
- Axudas para os máis afectados.
- Axudas para a promoción do destino e da labor dos guías de turismo
- Acordos no sector para manter prezos mínimo polos servicios de visitas guiadas
- Accións conxuntas do sector
- Máis apoio das administracións
- Que se inclúa a profesión dentro das accións para os traballadores
- Atención ao uso das radioguías dende o punto de vista sanitario ( axudas e información da desinfección das mesmas). Quizais a solución poda estar nas APPS.
- Talvez esta crise sexa unha oportunidade para transformar o turismo galego centrándonos na calidade e na sustentabilidade.
- Mais formación e comunicación positiva entre os profesionais.

- Formación e información sobre os diferentes protocolos a seguir despois de esta crise
- Planes estratéxicos que estean tutelados por profesionais.
- Crear unha mesa de traballo que implique a todos os axentes turísticos (non só asociacións, senón tamén profesionais libres) que os agrupe a nivel municipal, comarcal ou provincial e que se reúnan periodicamente para tratar dos asuntos que competen (eventos, formación, promoción...).
- Fomento e difusión dun AMPLO abano de actividades formativas e xornadas profesionais que se realicen durante a tempada máis propensa para os guías. INFORMANDO destes eventos a todos os axentes vía mail-Whatsapp e a través dun portal común que xestione a administración pública.
- Máis axuda que nunca combatendo o intrusismo. Non podemos permitir que leven parte dos ingresos que non pagan impostos.
- Moita claridade nas perspectivas de futuro.
- Cambiar as condicións da subvención de potenciación dos autónomos tanto nos termos de facturación coma de mínimo de anos en actividade para conseguila.
- Programa de actividades culturais da Xunta de Galicia e tamén nos diferentes Concellos contratando guías da Asociación Profesional de Guías de Galicia para ofrecer visitas culturais á poboación local.
- Subvencións a empresas

#### **4.6. ACTIVIDADES QUE ESTÁ LEVANDO A CABO DURANTE A CRISE**

Os guías de turismo de Galicia durante estas semanas de paralización do sector están aproveitando para realizar formación que se oferta dende diferentes recursos online, facendo algo de teletraballo xa que hai que xestionar as cancelacións dos servizos, tamén buscando clientes e reorganizando o seu traballo de cara a recuperación dos servizos de guía. Algúns deles tamén están a realizar cooperación solidaria.



## 5. TURISMO ACTIVO

### 5.1.SITUACIÓN ACTUAL DOS EMPRESARIOS E AUTÓNOMOS

En canto aos autónomos e empresarios do Turismo Activo de Galicia, están a vivir a situación actual coas portas pechadas. O problema neste subsector deriva de que tódalas actividades previstas de turismo activo das empresas, foron canceladas, non só para os meses de marzo, abril e maio, que soe ser a mellor época do ano, se non que os clientes están a cancelar actividades ata o mes de outubro.

Doutra banda, as actividades xa previstas e contratadas que se ían a realizar desde a segunda semana de marzo, ata abril, maio, etc. e xa foron pagadas polos clientes, e deben ser reembolsadas, co que os autónomos e empresarios se atopan na situación de perda dun 100% das vendas, e ademais facer fronte aos reembolsos polas actividades non realizadas e non desfrutadas.

### 5.2.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES ATA QUE REMATEN AS LIMITACIÓNS DE MOVILIDADE PARA AS PERSOAS E A ACTIVIDADE EMPRESARIAL

Dende o subsector de Turismo Activo de Galicia existen perspectivas moi negativas de cara a tempada estival, xa que as empresas veñen de cancelar tódalas actividades de marzo a xuño, historicamente a súa mellor época no ano. Asemade, non saben aínda que pasará de cara ao verán, se poderán reactivar as súas actividades na súa segunda mellor tempada anual e se habrá demanda suficiente que sexa quen de cubrir os gastos fixos nos que incorre a empresa ao estar aberta.

Precisan pois, axudas económicas para poder subsistir durante o tempo no que non poden reactivar a súa actividade habitual.

### 5.3.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES DENDE QUE REMATEN AS LIMITACIÓNS ATA FINAL DE ANO

Respecto ás perspectivas e necesidades dende o remate do Estado de Alarma ata o final do ano 2020, o subsector do turismo activo considera que pode ser unha chave, por realizar actividades que van acordes co cambio que prevén que se vai producir: sustentabilidade, conexión coa natureza, grupos pequenos e familiares, destinos secundarios, etc.

Por iso, e para manter vivas as pequenas empresas do subsector, solicítase:

- Campañas de promoción do turismo activo interno, tanto para o público galego como nacional
- Colaboración da Axencia de Turismo de Galicia na emisión de bonos aos clientes para a non cancelación das reservas e o adiamento das mesmas. Solicítase pois un aval de Turismo de Galicia que transmita seguridade e tranquilidade ao usuario.
- Axudas para a implantación de medidas sanitarias e hixiénicas.

En canto a medidas económicas:

- Reducir ou eliminar a cota de autónomos para poder alongar a tempada ata os meses de outono.
- Axudas económicas para poder subsistir ata que se reactive a demanda o vindeiro ano, posto que os préstamos con interese normal non son útiles, pois só xerarían un endebedamento maior, ao que o sector teme non poder facer fronte.

#### **5.4.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES EN 2021**

As principais inquedanzas están relacionadas co impacto que esta crise terá no vindeiro ano Xacobeo, ata que punto lle afectará, e ata que punto poderá afectar ao turismo activo galego.

Doutra banda, moitas empresas dubidan poder subsistir ata o vindeiro ano, se non teñen liquidez en forma de axudas, e non en forma de créditos, por iso solicitan unha forte campaña de promoción do turismo activo en Galicia, para reactivar a demanda durante este ano 2020, e así poder chegar con pulso ao vindeiro 2021.

#### **5.5.IDEAS / PROPOSTAS**

O subsector do turismo activo galego, propón que se poidan realizar, desde Turismo de Galicia, as seguintes accións:

- Plan estratéxico e forte campaña de reactivación do turismo interno, dentro da Comunidade Autónoma galega, que inclúa accións específicas no turismo activo, con accións encamiñadas a activar a demanda entre familias, etc.
- Emisión de bonos-reserva por parte de Turismo de Galicia ou o aval dos mesmos para converter as reservas efectuadas (e non realizadas), en bonos para desfrutar durante o ano 2020 e 2021. Como as empresas se ven con pouca capacidade para facer fronte aos mesmos, solicítase a colaboración de Turismo na emisión dos mesmos, para dar

- seguridade e tranquilidade aos usuarios e animalos a cambiar de data as súas reservas, e non a cancelar, o que obrigaría ás empresas a facer grandes reembolsos.
- Axudas económicas e non préstamos que o sector asume que non poderá devolver.

#### **5.6. ACTIVIDADES QUE ESTÁ LEVANDO A CABO DURANTE A CRISE**

Durante a crise existe un consenso entre as actividades que están a realizar as empresas do turismo activo. Xa que as súas actividades no exterior se ven limitadas, están a aproveitar o tempo para as seguintes actividades:

- Formación online, a través de webinars, cursos online, etc.
- Realización de tarefas internas, protocolo, etc. para as que non soe haber tempo, a través do teletraballo.
- Comunicación directa cos clientes para intentar evitar as cancelacións e fomentar o cambio de data das reservas.

## 6. INTERMEDIARIOS/AAVV

### 6.1. SITUACIÓN ACTUAL DOS EMPRESARIOS E AUTÓNOMOS

Un dos sectores que primeiro sufriu as consecuencias foi o do turismo, e concretamente as empresas de intermediación como son as Axencias de Viaxes son das que máis levan sufrido economicamente o impacto propiciado por cancelacións e devolucións de reservas xa pagadas por clientes. Tanto as Axencias Retallistas como as Maioristas víronse afectadas de forma importante xa que traballan xuntas e dependen entre si, e a maiores véndose afectadas tamén por outros subsectores turísticos.

Con relación ás consecuencias, esta paralización tradúcese en varias vertentes:

1. **Parada completa da Facturación.** Prodúcese un freo nas vendas dos vindeiros meses de 2020. A maiores as vendas do primeiro trimestre vense anuladas por la situación de marzo, e dicir, os ingresos previos vense reducidos tras verse cancelados eses servizos.
2. **Cancelacións de reservas.** As reservas confirmadas de Marzo, Abril, Maio e parte de Xuño están canceladas, con algunhas empresas xa sufrindo cancelacións ata Xullo e risco de seguir cancelando progresivamente no medio e longo prazo. O inicio de cancelacións debidas a situación co virus, xa comezaron en algúns casos a finais de febreiro (clientes de Madrid principalmente en grupos de risco) para viaxes do segundo trimestre do ano.
3. **Problemas de Liquidez.** Esta situación é unha continuación da tempada baixa (tempada polo normal sen ingresos ou moi baixos). Tendo ademais a necesidade de afrontar gastos regulares (cotas autónomos, alugueres, subministracións e servizos, impostos, nóminas, etc.) sen ter ingresos, así como a imposibilidade en moitos casos de facer reembolsos a clientes o non conseguir devolución tamén por parte de provedores. Estes problemas de liquidez agraváranse ca entrada do mes de Maio.
4. **Perdas de vendas.** Para moitas empresas os meses de Abril e Maio significan a perda de arredor de un 20% da facturación do ano, que se pode ver incrementado en caso de prolongarse esta situación máis aló no tempo, a isto temos que engadir as devolucións de servizos xa facturados e as perdas de non venda para o resto de meses do ano (en algún caso con cancelacións xa ata outubro, significando unha perda de ata o 80% da facturación). Axencias con clientes internacionais afrontan perdas tamén a longo prazo ante a imposibilidade de viaxar e polo peche de fronteiras. Estas perdas están na maioría relacionadas tamén co traballo de venda e atención o cliente realizado durante os 6 meses previos, no caso de viaxes internacionais, e en arredor de 1-2 meses nos nacionais.
5. **Risco de peche definitivo.** Para empresas que levan pouco tempo en activo e para as máis pequenas que teñen menos músculo e apoio, están a sufrir esta situación

de maneira crítica. Existe un gran risco de peche de estas empresas tanto en curto como en longo prazo, debido a que aínda que exista a posibilidade de aprazamento de pagos, incrementase a posición debedora dunha empresa.

## 6.2. PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES ATA QUE REMATEN AS LIMITACIÓNS DE MOBILIDADE PARA AS PERSOAS E A ACTIVIDADE EMPRESARIAL

As perspectivas das axencias de viaxes son complicadas durante esta tempada de limitacións a mobilidade, dado que se espera un segundo trimestre do ano sen vendas tras un primeiro trimestre xa afectado, acumulando como mínimo medio ano sen actividade: tempada baixa + duración efectos do COVID-19. A maiores a tempada estival está no aire, xa que aínda que remate o confinamento, o turismo non será prioritario para a xente e a situación económica dos cidadáns non será boa.

Por todo iso existen as seguintes **inquietudes**:

- Como afrontar as perdas, os pagos e poder subsistir para manter as empresas abertas e non ter que acudir a un peche definitivo
- A duración da incerteza sobre a mobilidade nacional e internacional (sobre todo para as empresas que dependen en gran maioría do mercado internacional)

Ante esta situación dende o subsector das axencias de viaxes **solicítase**, igual que noutros subsectores o seguinte:

- A supresión da cota de autónomos (tamén dos societarios) durante a tempada de limitacións.
- Obter liquidez para afrontar os pagos dos custes que non se poden aprazar ou paralizar e para manter o emprego sen aplicar ERTE de ser posible.
- Non pagar rendas de oficinas ou outros recibos, préstamos... ata que se normalice a situación. Que se poidan prorratear ao longo do resto do ano ou seguinte ano tras dita normalización.

Asemade, **solicítanse cuestións moi específicas** das características deste sector, como son as seguintes:

- Axudas económicas específicas ao sector que non permitan incrementar o nivel de débeda ata que non se faga sostible e obriguen o peche.
- Urxencia por unha lexislación clara en canto a actuación en turismo tras o estado de alarma. Necesidade de estar preparados para ser proactivos na planificación de actividades.
- Campañas para promover o turismo nacional mediante:
  - o Campañas de concienciación para cambiar datas e non cancelar.
  - o Campañas para reactivar a demanda

- Campañas ofrecendo transparencia e garantía de seguridade para o cliente.
- Necesidade de que todos colaboren coas axencias para crear paquetes ou oferta nacional. Dende administracións, a aloxamentos, restauración, actividades...se cada un vai por o seu lado, será máis complicado.

### **6.3.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES DENDE QUE REMATEN AS LIMITACIÓNS ATA FINAL DE ANO**

Dende o subsector das axencias de viaxes esperamos un reinicio de actividades de forma lenta con restricións de tamaños de grupo e capacidade, medidas sanitarias, distancias entre persoas etc. con un posible repunte a mediados/finais de verán. Seguramente mobilidade de proximidade a través de escapadas de fin de semana, e con un posible estancamento a finais de ano se volve aparecer o virus coa mesma intensidade e non temos vacina. A maiores non se espera poder xestionar reservas fora do país debido as restricións e unha baixada de comisionas así como aplicacións de prezos máis reducidos ou de temporada media para conseguir ventas.

Por todo iso existen as seguintes **inquedanzas** entre as axencias:

- Que a xente teña medo a viaxar durante unha tempada prolongada e que custe máis vender.
- Non chegar a 2021 e ter que cerrar ante a posibilidade de un ano enteiro sen apenas ingresos.
- En que momento do futuro se poderá volver a operar con normalidade tras rematar o estado de alarma, en que condicións e as posibles restricións para admitir españois.
- Posibles descontos agresivos de AAVV verticais coas que non van a poder competir as máis pequenas.

Ante esta situación o subsector das axencias de viaxes **solicita**:

- Axudas ata que se retome a actividade turística con normalidade e que permitan crear un colchón económico, para así evitar aumentar máis as débedas xa contraídas nos meses anteriores.
- Apoio con asesoría xurídica específica.
- Incrementar a inspección turística para controlar o intrusismo profesional.
- Poder seguir realizando grupos aínda que sexa con certas restricións.
- Políticas para fomentar o turismo:
  - Campañas de publicidade e promoción de destinos (non so de un destino en concreto) Xa sexa por parte de entidades públicas ou con axudas para que os pequenos poidan facer publicidade como poden ser google adwords etc.
  - Transmitir tranquilidade e seguridade a poboación

#### 6.4. PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES EN 2021

Pensando no próximo ano 2021 existe moita incerteza, en termos xerais existe medo ante posibles peches a gran escala no sector turístico e no subsector de axencias de viaxes en concreto, se non mellora a situación e sen axudas directas as probabilidades de peche de empresas son maiores. Existe a esperanza de que se poida volver á normalidade para o ano que vén, pero por outro lado é probable que os cidadáns non estean dispostos a gastar apenas de aquí ao próximo verán de 2021. A pesar de que o vindeiro ano é ano Xacobeo, a paralización de reservas xa se iniciou este pasado marzo, ben certo que de momento sen cancelacións pero con paralización de novas reservas ou das que se estaban a tramitar.

Por todo iso existen as seguintes **inquedanzas** entre as axencias:

- Posible perda de interese dos españois por viaxar, e o mesmo co público de estranxeiro.
- Non poder resistir a próxima tempada baixa para empresas que traballan con ciclos longos que están especializadas.
- Que se vexa afectado o ano Xacobeo:
  - o Peche de empresas durante o 2020
  - o Paralización de reservas
  - o Limitacións legais debido ao COVID-19 para xestionar grupos ou actividades

Ante esta situación o subsector das axencias de viaxes **solicita**:

- Fomentar o turismo en temporada baixa para minimizar os problemas da falta de colchón económico previo.
- Cambiara a contía da cota de autónomos de forma específica para o sector ou compensar parte de esa contía mediante axudas.
- Axudas e préstamos subvencionados.
- Programas para fomentar o turismo.
- Campañas para concienciar de dar seguridade a poboación ante o COVID-19
- Concienciar o sector en xeral de que é necesario dar comisión as empresas que venden os produtos para poder ser competitivos, as axencias de viaxes.

## 6.5. IDEAS / PROPOSTAS

As propostas das axencias de viaxes pasan polas seguintes apostas:

### Iniciativas Fiscais e Económicas

- Redución da carga impositiva ao sector. Que o réxime xeral de IVE para AAVV se vexa reducido a lo menos do 21% o 10%, isto pode ser aplicable a servizos de guiado tamén en incluso en outros servizos (aloxamentos, restaurantes...) que poida reducirse nun 50% a cota impositiva. Con esta medida pódese ben facer máis atractivos os prezos ou compensar parte do perdido nos meses previos, e dicir, reavivar a actividade. Aplicación mínimo durante 1 ano dende a reanudación da actividade no sector. Posterior exención de IS para certos umbrais de actividade, de algunha maneira é necesario compensar toda as perdas para recuperar os niveis previos, cantos máis cartos saquen das empresas menos inversións se poden realizar e mais lenta a recuperación.
- Exoneración das cotas de Autónomos (tamén dos societarios) durante o estado de alarma e varios meses mais, ante cero ingresos durante unha tempada moi prolongada e tras a tempada baixa, de pouco serve aprazar o pago das cotas dado que o sector é o que máis vai a tardar en recuperarse e crear débeda vai facer agonizar as empresas ata que teñan que pechar.
- Axudas reais e non fomentar o endebedamento para un sector con unha baixada de actividade brutal en tan so uns meses e que se estenderá por todo un ano como mínimo.

### Iniciativas Legais

- Modificación da Lei de Viaxes Combinados que nos obriga a devolver so cartos o cliente aínda que nos non o recuperemos dos provedores (temporalmente permiten dar bonos pero isto soamente apraza as perdas no tempo). O principal problema e que o intermediario, a axencia, e quen asume todo o risco e neste caso a perda.
- Regulación clara do sector, intervención estatal ó ser unha actividade regulada.

### Iniciativas Estratéxicas

- Propoñer unha especie de alianza colaborativa entre España e Portugal a nivel turístico, é dicir, que se fomenta o turismo entre ambos países, pode ser aplicable tamén a Francia de ser o caso. Para iso deberiamos ter condicións similares en canto a impostos, custes etc. senón claramente España sae prexudicada.
- Unión entre sectores, viaxes en grupos dende diferentes cidades entre axencias
- Fomentar que calquera que reciba salarios por parte da administración priorice gastar eses cartos dentro do país. Dende os propios membros do goberno, a todos os políticos, funcionarios etc.



- Estratexia entre comunidades, un exemplo claro pode ser a colaboración entre Galicia e Canarias que como polos opostos en clima e entorno, poden ter un gran atractivo entre si:
  - o Fomentar a creación de unha conexión aérea Galicia/Canarias
  - o AAVV de Canarias que poidan comercializar paquetes de Galicia e AAVV de Galicia que poidan comercializar paquetes de Canarias.

### **Iniciativas Comerciais e de Marketing**

- Promover un selo ou unha marca de “confianza sanitaria”. Aquelas empresas de hostalería, operadores, transporte, aloxamento, etc. que poida demostrar que aplican políticas de limpeza e hixiene nas súas instalacións (de acordo a criterios das autoridades), poderían facer uso de un selo específico xunto o cal aportarían información a clientes e usuarios sobre estas medidas. Por exemplo: cartel informativo en un autobús que indique a data da última limpeza e desinfección, e outras medidas aplicadas no entorno no que estará o cliente.
- Fomentar a creación e venda de bonos para viaxar dentro de España. E dicir, que as AAVV poidan vender dende xa bonos para produtos de operadores de outras comunidades autónomas, e a inversa, que outras comunidades autónomas poidan vender bonos de produtos de operadores de Galicia. Poderíase crear como unha especie de plataforma de servizos dentro de España para fomentar a mobilidade dentro das posibles restricións que existan. Algo parecido o IMSERSO pero para calquera persoa de España. Unha extensión da proposta estratéxica sobre Canarias-Galicia
- Accións promovidas a activar a demanda:
  - o Fomentar turismo nacional (programas para dar a coñecer o país)
  - o Garantir a seguridade e saúde dos pasaxeiros
  - o Implantación de actividades turísticas para o que queda de tempada 2020 con apoio da administración.
  - o Maior oferta dende os aeroportos galegos cando se poida viaxar e novo.

### **Iniciativa específica relacionada co COVID-19**

#### Título

XEODESTINOS PARA FIRST RESPONDERS

#### Proposta

Varios colectivos de traballadores están a facer un esforzo extraordinario de forma continuada, desde o inicio da crise do COVID-19. De entre estes colectivos, o que máis está a sufrir é o do persoal sanitario, debido á súa exposición en primeira liña. Todos os colectivos que están a axudar a sacar o país adiante nestes momentos, e sobre todo o colectivo sanitario, merecen

unha recompensa polo seu esforzo titánico unha vez a situación estea totalmente baixo control.

Ao mesmo tempo, o problema económico vaise agrandando cada día, debido a todos os sectores que se están vendo impactados, con grandes perdas de ingresos desde o inicio desta crise.

Destes sectores, o máis impactado é o do turismo e a hostalería, con perdas de ingresos de máis do 100% nestes momentos (non só están a perder todos os ingresos que entrarían nesta época, senón que están a ter que facer devolucións de produtos xa pagados polos clientes hai meses; polo que o impacto no cashflow neste sector é inmenso).

A seguinte proposta tenta buscar un modo de compensar aos traballadores dos colectivos esenciais, á vez que axuda ás PeMEs locais de turismo e hostalería.

A idea é a seguinte: que a administración pública se alíe coas PeMEs locais para crear excursións dun día e paquetes vacacionais polos diferentes xeodestinos galegos. A un prezo ultrarreducido ou mesmo gratuito para os membros deses colectivos de first responders.

Faríase do seguinte modo:

1. Os provedores locais comprometeríanse a ofrecer un desconto dun mínimo dun 10% sobre o seu PVP habitual.
2. A Administración Pública cubriría todo ou gran parte deste prezo reducido. Por exemplo poderían cubrir o prezo íntegro para o primeiro viaxe/actividade para cada membro do devandito colectivo, e despois cubrir un % de desconto para o resto de viaxes/actividades.

Deste xeito, a Administración Pública conseguiría salvar o sector do turismo á vez que compensaría aos colectivos que tanto esforzo están a facer por sacar o país adiante desta crise sanitaria.

Ao mesmo tempo, isto sería un golpe de efecto importante da Administración Pública: no canto de inxectar diñeiro a saco roto, faríase para reactivar o sector do turismo con clientela local, o cal sería propicio xa que a curto/medio prazo, a circulación de persoas será probablemente restrinxida ou polo menos non recomendable.

Pódese apoiar ao proxecto dos xeodestinos, creando unha web na que todos os provedores engadan os seus paquetes, e que centralice as reservas de modo que a Administración Pública poida levar un control sinxelo dos usuarios dos devanditos servizos

## **6.6. ACTIVIDADES QUE ESTÁ LEVANDO A CABO DURANTE A CRISE**

Durante a crise a maioría das axencias están principalmente realizando tarefas administrativas relacionadas coas cancelacións e reprogramación das súas actividades. Son necesarias e implican a imposibilidade de facer ceses de actividade, pero ademais non aportan ingresos. O

único que podes facer é formarte e traballar en produtos ou datas que non sabes se poderás levalas a cabo ou non, ou se será necesario volver a reprogramar.

En resumo estas son as principais actividades:

### **Teletraballo**

- Preparación de actividades
- Traslado de pasaxeiros en vos de rescate
- Intentar cambiar datas de viaxes xa reservados.
- Atención o cliente, calmado e asesorando a clientes. Non se poden deixar colgados os clientes (non é posible un cese de actividade)
- Creación de contido e actualización de webs e redes sociais
- Reprogramación de actividades da tempada

### **Formación**

- Cursos
- Webinars

## 7. OUTROS SUBSECTORES / OUTRA OFERTA COMPLEMENTARIA

### 7.1.SITUACIÓN ACTUAL DOS EMPRESARIOS E AUTÓNOMOS

A situación para outros subsectores do turismo en Galicia como poden ser as empresas de actividades complementarias, entidades públicas, empresas de alimentación, turismo náutico, enoturismo, prensa turística, etc., coinciden nas necesidades e inquiredanzas con outros profesionais do sector.

Con relación ás consecuencias inmediatas desta paralización tradúcese en tres vertentes:

- Paralización das actividades das empresas o que supón a paralización de ingresos e paralización de inicio da temporada alta. Ao mesmo tempo moitos deles con alugueiros teñen que facer fronte a uns altos pagos dificilmente asumibles ( alugueiros, seguros, autónomos, impostos, subministrados ... ). Dependencia total das axudas que poidan vir dende a Administración. Outras empresas tiveron que recorrer aos ERTES.
- Algúns sectores aínda activos coma a alimentación relacionados co sector turismo necesitan con urxencia material sanitario e de protección para empregados. Este tipo de empresas ademais viron mermados considerablemente os seus ingresos.
- No caso da prensa turística tamén paralización dos ingresos ao vivir da publicidade do sector turismo.

### 7.2.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES ATA QUE REMATEN AS LIMITACIÓNS DE MOVILIDADE PARA AS PERSOAS E A ACTIVIDADE EMPRESARIAL

Algunhas das necesidades e inquiredanzas ata que rematen as limitacións de mobilidade dende outros subsectores son as seguintes:

- Suspensión de pagos, principalmente para aquelas empresas con locais en alugueiro.
- Incentivos económicos para as empresas, PeMEs e autónomos, que permita seguir traballando sen terse que dar de baixa. Existe inquiredanzas de como se van a asumir todos os gastos destes meses.
- Información clara de como afrontar os ERTE e axudas de desemprego para os traballadores.
- Transmitir confianza no sector do turismo galego.

- Coñecer as medidas para o sector do turismo en Galicia para poder planificar a temporada de outono. Tamén coñecer as medidas de protección e sanitarias que terán a que acollerse todas empresas e autónomos do sector.
- Necesidade de elementos de protección para os que continúan a traballar cara o público (como alimentación)
- Necesidade de ter contactos dispoñibles na administración para a prensa turística para resolver dúbidas e transmitirlo ao sector.

### **7.3.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES DENDE QUE REMATEN AS LIMITACIÓNS ATA FINAL DE ANO**

Algunhas das necesidades e inquedanzas tras as limitacións de mobilidade e ata o fin do ano dende outros subsectores son as seguintes:

- Dende o punto de vista económico: suspensións dos alugueiros, cotas de autónomos, tempo suficiente para pagar impostos e axudas económicas.
- Iniciativas da administracións que aborden proxectos para paliar a situación actual dirixida a todo o tecido empresarial, incluído as actividades complementarias dentro do sector ou de actividades minoritarias pero que dependen do sector igualmente.
- Deseño e organización de accións como por exemplo concursos, campañas de comunicación, campañas promocionais, campañas de inspiración, incentivos, etc. que conciencien a empresas e consumidores para neses momentos se aproveite para planificar para os seguintes meses e non quede ninguén atrás.
- Que as accións da administracións sexan conxuntamente cos profesionais do sector para reactivar o sector con propostas de turismo local, rexional ou nacional.
- Protocolos de actuación dende o punto de vista sanitario para a atención aos turistas.
- Inquedanza de que a reactivación se realizará moi pouco a pouco.

### **7.4.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES EN 2021**

Aínda que o futuro é incerto, algunhas perspectivas e necesidades para o seguinte ano desde outros subsectores son as seguintes:

- Axudas tamén para o alugueiro e seguir con outras axudas económicas que abarque a este tipo de empresas incluídas tamén no tecido do sector do turismo. Tamén necesidade de bonificacións para traballadores.

- O próximo ano é importante para Galicia, polo que é necesario incentivos desde a administración a proxectos e empresas que aposten polo turismo de excelencia, promoción de calidade de destinos consolidados e doutros descoñecidos e de enorme riqueza.
- Posibilidade de que en Galicia houbera un canal propio para reservas online, evitándose así pagar grandes comisións a outras entidades como Booking etc., non asumible polas empresas pequenas. Sería óptimo ter unha aplicación extranet propia para todas as actividades de turismo en Galicia e empresas do sector.
- Incerteza de como será o futuro

### **7.5.IDEAS / PROPOSTAS**

Algunhas propostas son:

- Forte campaña informativa en medios especializados en turismo, que xere tranquilidade a hora de saír da casa e compartir espazos , forte campaña de turismo rexional, e consumo de produtos KM 0/madeingalicia
- Unha web propia para o turismo en Galicia, con extranet e canal de reservas.
- O traballo en rede e a colaboración entre os diferentes profesionais e a administración.

### **7.6.ACTIVIDADES QUE ESTÁ LEVANDO A CABO DURANTE A CRISE**

Outros subsectores do turismo en Galicia continúan neste momento a realizar teletraballo, formación e planificación para o resto do ano.

Dende a prensa turística continúan a ofrecer contidos online do sector do turismo en Galicia e a incidencia do COVID-19.

Algunha entidade pública está a ofrecer visitas virtuais ao patrimonio galego.

## 8. PROFESIONAIS POR CONTA ALLEA E DESEMPREGADOS

### 8.1.SITUACIÓN ACTUAL

Os enquisados pertencentes ao sector turístico están neste intre en situación de desemprego, a maioría teñen contratos por tempada, os cales tiñan que comezar a traballar a finais do mes de marzo pero que, pola situación actual non se produciu a incorporación. Asemade, a situación é de incerteza, posto que non saben cando van a comezar no seu posto de traballo. Algunhas das consecuencias da paralización do sector turístico son:

- ) Dúbidas de se van poder volver a traballar nos seus postos de traballo no caso dos fixos discontinuos ou despedidos.
- ) Se non comezan a traballar, as perspectivas xiran arredor de dificultades para asegurar a supervivencia o resto do ano.
- ) A maioría teñen cargas familiares.
- ) Un tipo contrato moi recorrido no turismo é o fixo discontinuo, no que se cobra por meses traballados.
- ) Dúbida de se sairán ofertas de emprego no sector turístico tanto na parte privada, coma dos concellos para as oficinas de turismo, etc. Estes contratos temporais están en risco.
- ) Medo de non saber cando se vai poder comezar a traballar no sector, se se vai ter traballo ou, pola contra, a xente vai coller medo a viaxar e sobre todo a incerteza de canto vai durar a tempada este ano.

### 8.2.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES ATA QUE REMATEN AS LIMITACIÓNS DE MOVILIDADE PARA AS PERSOAS E A ACTIVIDADE EMPRESARIAL

Todo o sector de profesionais por conta allea coinciden en que se precisan moitas axudas ao sector e aos traballadores do sector turístico:

- ) Axudas económicas (renda básica) aos profesionais do sector.
- ) Loitar contra a precarización no sector, analizar de que forma se vai revisar que as empresas cumpran cos seus empregados coma anos anteriores ou pola escaseza de

traballo despidan de forma irregular ou non volvan a contratar aos empregados habituais.

- ) Información do futuro próximo do sector, se imos volver a traballar, se se vai dar a tempada por perdida, se os hotéis van a poder abrir ou continuarán pechados...
- ) Inquietudanza de non saber que vai ser do sector turístico e de tódolos postos de traballo.

### **8.3.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES DENDE QUE REMATEN AS LIMITACIÓNS ATA FINAL DE ANO**

Con respecto á perspectiva e necesidades dende que rematen as limitacións o máis demandado é a información sobre o remate da alarma e perspectivas futuras:

- ) Cando vai comezar a activación do emprego?
- ) Como se vai afrontar o descenso do turismo?
- ) Como será o regreso á normalidade?
- ) Precisamos o turismo nacional pero neste intre moitas empresas obrigaron aos seus empregados a coller as súas vacacións neste confinamento, polo cal xa non poderán desprazarse no verán coma outros anos.
- ) Recesión. Pola situación actual da corentena haberá xente sen posibilidade económica para viaxar.
- ) Apoio e axuda institucional ás empresas turísticas para a contratación de traballadores.
- ) Elaborar un plan de recuperación do sector turístico
- ) Medidas e protocolos en protección, seguridade, limpeza dos establecementos turísticos, axencias de viaxes, oficinas de turismo, etc.; para os traballadores nos seus postos e para os turistas. Mostrarlles que poden desprazarse con toda seguridade e tranquilidade.

### **8.4.PERSPECTIVAS, INQUEDANZAS E NECESIDADES NO ANO 2021**

Con respecto ao ano 2021 existe a grande incerteza de que sucederá co sector turístico. As necesidades que se poden extraer desta enquisa son as seguintes:

- ) Coñecer as medidas de activación do emprego no sector turístico.
- ) Incrementar as axudas e a inversión no sector.
- ) Se hai un repunte do virus, estaremos preparados?



### 8.5. IDEAS / PROPOSTAS

As propostas que indican os desempregados nas enquisas están encamiñadas á potenciación e reactivación do sector turístico:

- ) Unión entre as distintas categorías do sector co fin de remar no mesmo xeito á hora de demandas á administración.
- ) Asociacionismo e traballo común para crear un sector cada vez máis profesionalizado
- ) Protexer o camiño de Santiago que vai quedar moi debilitado; potenciar Galicia como "respiro terapéutico" despois desta grave crise, é dicir, que os nacionais visiten a nosa comunidade.
- ) Dar visibilidade. Todos están a falar do sector sanitario, do sector da limpeza, da hostalaría, pero estamos nun país que vive do turismo e non se está tendo en conta na súa totalidade: o turismo non é só hoteis, avións e restaurantes. O guías, axentes de viaxes e informadores tamén son piares fundamentais.
- ) Axudas ao sector turístico, tanto a empresarios como a traballadores; máis vixilancia, coa situación actual. Os empresarios poden aproveitar a conxuntura para despedir o persoal actual e así deixar de pagar antigüidades e contratar novo persoal con contratos en prácticas ou por meses soltos.
- ) Incentivar, axudar o turismo interno.
- ) No caso das oficinas de turismo deberían cambiar moitas cousas. Aos concellos de interese turístico non se lle debería permitir ter as oficinas pechadas nos meses de inverno.

### 8.6. ACTIVIDADES QUE ESTÁ LEVANDO A CABO DURANTE A CRISE

Teleformación e cooperación e, sobre todo, tratar de manterse informados.

## F. CONCLUSIONES

O turismo é un sector económico de referencia en Galicia, conformado por empresas e profesionais con capacidade para facer valer os nosos recursos e xerar riqueza. Neste sector atópanse actividades con características tan distintas coma o grao de adaptación de cada unha delas a novos escenarios, pero todas elas dependen en certa medida, unhas das outras. O sector turístico é un círculo de consumo, no que cada tipoloxía de empresa ten o seu lugar e contribúe a que se manteña a cadea de valor.

A crise do Covid-19 asestou un duro golpe a todo o sector turístico que, tal como recolleemos nas enquisas, sufriu unha situación de parón obrigatorio e repentino que afectará a curto e medio prazo como mínimo.

### SITUACIÓN ACTUAL

Neste momento, a maioría das empresas turísticas que producen ou comercializan servizos para os clientes finais (aloxamentos, empresas de intermediación, restauración, guías de turismo, turismo activo e outras actividades complementarias) atópanse en **situación de peche**, co descoñecemento de datas aproximadas de apertura. Asemade, sofren un alto volume de cancelacións, na súa maioría ata o mes de xuño pero que tamén se están producindo ata finais do ano 2020. Estas cancelacións supón perdas pero ademais, un **alto volume de reembolsos**, en moitas ocasións difíciles de asumir. Nas axencias de viaxe retallistas ademais, se os provedores non asumen as súas devolucións o custo é maior. As axencias de viaxe maioristas, dependen totalmente das minoristas, polo que sofren as mesmas consecuencias.

As únicas destas empresas que continúan con actividade son aqueles restaurantes que realizan o servizo de comida para levar ou de entrega nos domicilios.

No caso das empresas de consultoría especializada en turismo, non están contempladas no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo; pola posibilidade de realizar teletraballo. Sen embargo, estas empresas realizan servizos para a Administración e tamén para as organizacións turísticas, polo que todos os seus proxectos se atopan paralizados.

Asemade, en outras actividades complementarias, tamén contemplamos a prensa turística, cuxos ingresos dependen, na súa maioría, das inversións en publicidade do resto de organizacións turísticas. Debido á situación anteriormente exposta, as empresas cancelaron as insercións contratadas nestes medios.

Non obstante, **TODAS as tipoloxías de empresas do sector turístico** teñen unhas consecuencias comúns a esta crise:

- **Dificultades para asumir custos fixos**, aumentando o endebedamento. Estes custos son cotas de autónomos, impostos e taxas; alugueiros; hipotecas; etc.
- **Dificultades para asumir custos variables** (reembolsos no caso das empresas que prestan servizos directos para o cliente ou custes de avais de proxectos de consultoría turística).
- **Problemas de liquidez** xerados polas situacións anteriores.
- Realización de **ERTEs**.
- **Posibilidade de recuperación lenta do turismo**.
- **Risco de peche definitivo** por non poder asumir as consecuencias dunha situación tan inesperada e tan gravosa.

No caso dos **traballadores por conta allea**, as consecuencias principais son os ERTes e os despedidos pero tamén as dúbidas e inseguridades de cando volverán a traballar no sector. Asemade, no turismo ano a ano prodúcese un gran incremento de oferta laboral na tempada estival e os contratos de fixos descontínuos tamén son moi comúns para atender a demanda da tempada alta. Con estas características e, na época previa á tempada estival, os profesionais do turismo por conta allea atópanse nunha grande incerteza sobre o seu futuro.

## NECESIDADES E PROPOSTAS

Con respecto ás perspectivas, inxedanzas e necesidades preséntanse moitas particularidades no sector turístico, tantas coma subsectores existen. Non obstante, de todas esas impresións **podemos obter as seguintes conclusións xerais:**

**Con respecto á época actual, na que están vixentes as restricións de mobilidade, o sector empresarial** está preocupado polo **xeito de afrontar os pagos** xerados por esta situación sen obter ingresos. As súas principais peticións para poder subsistir ás consecuencias económicas e empresariais do Estado de Alarma son o apoio económico mediante medidas de condonación de cota de autónomos e impostos e axudas destinadas aos custos fixos. Asemade, tamén solicitan campañas publicitarias e de sensibilización para que os potenciais clientes contemplan o destino Galicia para viaxar despois do Estado de Alarma. No caso dos **profesionais por conta allea**, as solicitudes versan en torno a axudas económicas (renda básica) así coma a planificación e a posta en valor dos profesionais.

En relación ás necesidades **dende que remate o Estado de Alarma ata final do ano 2020, o sector** está preocupado porque os **visitantes potenciais de Galicia sintan medo** e inseguridade a viaxar por causa da epidemia. Para este período; solicitan axudas económicas e fiscais, loita contra a ilegalidade e o intrusismo, protocolos de seguridade e inversión en planificación e continxencia e en campañas específicas de publicidade que aporten seguridade aos viaxeiros. Ademais, os traballadores por conta allea solicitan a loita contra a precarización do sector. Os axentes do turismo demandan accións que posicionen Galicia como destino seguro e de calidade a través de distintivos que o certifiquen.

**Para o ano 2021**, as preocupacións xiran en torno á **posibilidade de perda de interese polo destino Galicia e tamén ao peche de empresas** por non ser capaces de superar as consecuencias desta crise. Neste senso, solicítase o incremento de subvencións á mellora da calidade empresarial, diversificación da oferta, inversión en planificación e promoción, loita pola desestacionalización, así coma pola ilegalidade e o intrusismo, fiscalidade máis xusta e reforzo de alianzas con mercados emisores de proximidade coma o territorio nacional e Portugal. Proponse que se fomente a unión do sector e dar visibilidade a tódolos subsectores. O ano 2021 é Ano Santo, polo que todo o sector pide accións e protocolos para transmitir seguridade aos viaxeiros e campañas de potenciación deste produto único, diferenciador e con gran proxección no estranxeiro.

Este estudo do sector realízase tendo en conta que tódolos subsectores mencionados están interrelacionados e teñen gran importancia para a recuperación desta crise. **A planificación de destinos por parte das empresas de consultoría especializadas en turismo, a oferta básica (aloxamento e restauración), actividades complementarias (guías de turismo, turismo activo, empresas MICE, etc.), promoción (medios) e comercialización (axencias de viaxe, centrais de reservas...) son todos piares necesarios para a recuperación e a potenciación do noso turismo.**